

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*EXTRACTO da Orde do 4 de abril de 2019 pola que se aproban as bases e se convocan axudas para a realización de actividades formativas STEM en lingua inglesa, STEMweek, no ano 2019, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos.*

BDNS (Identif.): 449198.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado que estea a cursar 3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2018/19, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases e convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar as actividades de formación, dirixidas á mellora das competencias en lingua inglesa e da competencia científico-tecnolóxica ou STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) do alumnado de 3º e 4º de ensino secundario obrigatorio no réxime xeral matriculado en centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia, durante o curso 2018/19.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 4 de abril de 2019 pola que se aproban as bases e se convocan axudas para a realización de actividades formativas STEM en lingua inglesa, STEMweek, no ano 2019, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos.



Cuarto. *Importe*

Importe total da convocatoria: 130.000,00 euros.

Nº de prazas: 200.

Importe individual: a contía da axuda para cada beneficiario será o custo total da actividade.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Desde o 30 de abril ao 30 de maio de 2019, ambos os dous incluídos.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

